

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 17 DE ABRIL DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de abril de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas o pasado 10 e 12 de Abril do 2006 (Ordinaria e Extraordinaria respectivamente).

2.- OBRAS MAIORES.

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Concellería de Cultura e Deporte (Dirección xeral de Patrimonio), de data 3 de abril de 2006, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 05.04.06, polo que se achega debidamente asinado Convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Ribadavia para a realización das obras de consolidación do lenzo da muralla e II fase do paseo entre murallas do castelo dos Sarmiento.”

“Da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, Resolución de data 31 de marzo de 2006, con rexistro de entrada de data 12-04-06, relativa a liquidación final do custo a satisfacer polos Concellos para atender o sostemento dos servizos mancomunados prestados durante o período 01-01-06 ó 31-03-06.”

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2006.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2006, por importe de 35.157, 79 euros, tarifa de depuración por importe de 6.921,05 euros, máis 2.953, 03 euros de IVE, resultando un total de 45.031,87 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2006, por importe de 13.607,50 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 12.575,00 euros.- Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre os días 1 de Maio ao 31 de Maio do 2006.-

AXUDAS INFRAVIVENDAS RURAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-la certificación final da obra do Plano de axudas ós Concellos para infravivenda rural, Expte. núm. O-IR-0005/01, denominada "Reconstrucción de Infravivenda de Dona Bennita Rodríguez Rodríguez, A Franqueirán", expedida polo Director da mesma, o Arquitecto Don Francisco Gulín Rivera, sendo contratista da mesma Construccións Emilio Rodríguez Iglesias., por importe total de 41.813,71 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, acorda que se remita a correspondente certificación e o certificado final de dirección de obra ó Instituto Galego da Vivenda e Solo.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 10 de Marzo de 2006, pola que se convocan subvencións destinadas as entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas a xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude as novas tecnoloxias durante o ano acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Vicepresidencia da Igualdade e Benestar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Resolución 13 de Marzo de 2006, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades locais e a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de programas destinados á promoción da acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención o Servicio Galego da Igualdade do Home e da Muller.

CONVENIO FEDERACION NACIONAL DE ASOCIACIONES E MUNICIPIOS CON CENTRAIS HIDROELECTIVAS E EMBALSES E UNION FENOSA.-

A fin de que poidan chegar a determinados acordos con Unión Fenosa relativos á solución ás reclamacións sobre devolución do IBI do leito do encoro, regularización de

licenza de actividade medioambiental e pagamento das taxas que procedan, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes adopta o seguinte acordo:

"Facultar á Federación Nacional de Asociacións e municipios con centrais hidroeléctricas e encoros e, en especial dentro da mesma ao seu Presidente, Vicepresidente, D. José Luís Baltar Pumar (Presidente da Deputación Provincial de Ourense e representante dos municipios de Ourense afectados por instalacións hidroeléctricas e encoros e membros da devandita Federación), Secretario Xeral, e Asesor Xurídico da mesma, D. Javier Gonzalo, a fin de que poidan chegar a determinados acordos con Unión Fenosa relativos á solución ás reclamacións sobre devolución do IBI do leito do encoro, regularización de licenza de actividade medioambiental e pagamento das taxas que procedan e así se acorden e, así mesmo se lles faculte para establecer en canto ás cotas tributarias que se deriven das novas ponencias especiais de valores dos BICES, o escalado de aplicación das porcentaxes que se acorden de forma xenérica para tódolos Concellos, acordando así mesmo remitir á Asesoría Xurídica da Federación tódolos antecedentes que obren no Concello en relación ás instalacións de Unión Fenosa, licenzas urbanísticas outorgadas, si se chegaron a outorgar, expediente de aprobación de ordenanza sobre licenza de actividade en vigor, ou manifestación de carecer de mesma, facultando tal ampla como menester fose en dereito aos indicados membros da Federación Nacional a fin de que poidan negociar coa Unión FENOSA os conceptos indicados e previamente á sinatura do Convenio, recabar informe definitivo deste Concello".

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.